

## NOTIFICACIÓN

Procedemento: PE209C-2021F

ORDE do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2021, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental (código de procedemento PE209C).

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por delegación da conselleira do Mar, ditou resolución no procedemento PE209C 2021F.

Notifícase a dita resolución en aplicación do artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e segundo o establecido nas bases reguladoras xerais da convocatoria, infórmolle do seguinte

## ACEPTACIÓN

No caso de concesión e de acordo co disposto no artigo 21 das bases reguladoras xerais que rexen esta convocatoria, no prazo de dez (10) días desde a notificación da resolución, as persoas interesadas deberán comunicar a aceptación ou rexeitamento da subvención nas condicións expresadas nela, conforme o anexo IV. De non facelo, entenderase tacitamente aceptada. Por outro lado, a aceptación da axuda implica a aceptación da súa inclusión como persoa beneficiaria na lista de operacións publicada de conformidade co artigo 119, número 2 do citado Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao FEMP.

Santiago de Compostela

O xefe do Servizo de Xestión de Proxectos

Juan José Lorenzo Salgado

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal



Confraría de pescadores de Muros

## RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONVOCATORIA DE AXUDAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

Procedemento PE209C-2021F. ORDE do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2021, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental (código de procedemento PE209C).

Expediente: PE209C-2021F-044

Examinadas as actas da comisión de avaliación, a documentación achegada no seu caso na fase de emenda, así como, a proposta de resolución formulada pola presidenta da dita comisión, apreciáronse os seguintes,

### FEITOS:

Primeiro.- O 28/07/2021 a entidade Confraría de pescadores de Muros con NIF G15038508 presentou solicitude de axuda para o proxecto: *"Proxecto de protección, xestión e recuperación dos recursos mariños"*

Ao abeiro do establecido nos apartados 11, 12 e 13 da Orde do 10 de xuño citada, a solicitude, xunto coa documentación que a acompaña, foi cualificada, en canto a prazo e forma, como admitida.

Segundo.- As entidades solicitantes admitidas, valoradas e para as cales se propón a concesión da axuda, cumpren os requisitos establecidos na orde de convocatoria e nas súas bases reguladoras para ser beneficiarias da axuda.

Terceiro.- Feita a correspondente valoración pola Comisión avaliadora, a presidenta da comisión formulou a proposta de aprobación ao órgano concedente para os beneficiarios, proxectos, conceptos e importes correspondentes.

Cuarto.- De acordo co disposto no artigo 5 das bases reguladoras, as entidades propostas como beneficiarias de axuda están ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, non son debedoras por resolución de procedencia de reintegro e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO  
Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños  
15701 Santiago de Compostela  
Teléf. 981-546177  
cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal



Quinto.- Existe crédito suficiente e axeitado para a concesión da subvención na aplicación 15.03.723A.770.1 código de proxecto 2016 00293, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021 con cargo aos cales se propuxo a fiscalización de conformidade cos correspondentes documentos contables do compromiso do gasto. Así mesmo, non se superan os límites establecidos no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Na tramitación desde expediente, ademais da Orde do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2021 (DOG núm. 121 do 28.06.2021), tívose en conta o disposto, entre outras, nas normas seguintes:

- 1.Regulamento (UE) N. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.
- 2.Regulamento de execución (UE) N. 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) N. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.
- 3.Regulamento (UE) 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).
- 4.Regulamento delegado (UE) 2015/531 da Comisión, do 24 de novembro de 2014, polo que se complementa o Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.
- 5.Regulamento delegado (UE) nº 1014/2014 da Comisión, do 22 de xullo de 2014, que complementa o Regulamento (UE) nº 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no relativo ao contido e a construción dun sistema común de seguimento e avaliación das operacións financiadas no marco do FEMP.
- 6.Regulamento de execución (UE) nº 1242/2014 da Comisión, do 20 de novembro de 2014, polo que se establecen, de conformidade co Regulamento (UE) nº 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, normas no que atinxe á presentación de datos acumulativos sobre operacións.
- 7.Regulamento de execución (UE) nº 1243/2014 da Comisión, do 20 de novembro de 2014, polo que se establecen, de conformidade co Regulamento (UE) nº 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, normas sobre a información que deben enviar os Estados membros, así como sobre as necesidades de datos e das sinerxías entre as fontes potenciais de datos.
- 8.Regulamento delegado (UE) nº 288/2015 da Comisión, do 17 de decembro de 2014, que complementa o Regulamento (UE) nº 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no que respecta ao período de tempo e ás datas en relación coa inadmisibilidade das solicitudes.



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. Programa operativo español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.b) - medida 121]  
OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

9.Regulamento de execución (UE) N.º 763/2014 da Comisión, de 11 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no que respecta ás características técnicas das medidas de información e publicidade e as instrucións para crear o emblema da Unión.

10.Regulamento delegado (UE) n.º 2015/2252 da Comisión, do 30 de setembro de 2015, polo que se refire ao período de inadmisibilidade das solicitudes de axuda do FEMP.

11.Programa operativo para España do FEMP aprobado por decisión de execución da Comisión de 13.11.2015 C(2015) 8118 final.

12.Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

13.Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

14.Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

15.Decreto 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

16.Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

17.Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

18.Decreto 132/2006, do 27 de xullo, en materia de rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións.

19.Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

20.Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

21. Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

22.Criterios de selección para as concesións de axudas no marco do programa operativo da FEMP, recollidos no documento consolidado de xaneiro de 2018, do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

23.Circular 5/2019 pola que se fixa o contido que establece as condicións das axudas (DECA) ao que se fai referencia no artigo 125.3.c do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos,

## RESOLVO

**CONCEDER** unha axuda, financiada polo FEMP, para a realización de proxectos colectivos que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, á entidade e cos detalles que se indican á continuación:

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO  
Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños  
15701 Santiago de Compostela  
Teléf. 981-546177  
cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. Programa operativo español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.b) - medida 121]  
OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Expediente:	PE209C-2021F-044	Proxecto colectivo		
Entidade beneficiaria:	Confraría de pescadores de Muros	NIF: G15038508		
Denominación proxecto:	Proxecto de protección, xestión e recuperación dos recursos mariños			
Ubicación:	Muros	Provincia:	A Coruña	
Importe total concedido:	<b>188.928,13 €</b>	Axudade 2021:	Axudade 2022:	Axudade 2023:
		48.546,13€	93.588,00€	46.794,00€
Importe subvencionable:	188.928,13 €	Porcentaxe de cofinanciación:	75%	
Importe público FEMP (75%):	141.696,1 €	Importe público CA (25%):	47.232,03 €	Importe privado: 0.00 €

ITI (Contribúe aos obxectivos da ITI Azul para o desenvolvemento da estratexia Atlántica por recibir contribución do FEMP polo/s seguinte/s artigo/s: Art. 40.1.i) e 40.1 c) do Regulamento (UE) 508/2014 do FEMP

Obxecto da operación:

- Elaboración e seguimento dos plans de co-xestión de recursos mariños vivos. Avaliación do estado de conservación e da biodiversidade, nos paraxes de Natura 2000, nas zonas mariñas protexidas e nos hábitats costeiros de importancia para os organismos mariños.
- Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños. Análise dos descritores definidos na Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña. Cartografado dos hábitats e das especies, especialmente das exóticas invasoras. Seguimento e vixilancia dos hábitats e das especies. Cartografado da actividade extractiva realizada polos socios da entidade. Seguimento de indicadores de abundancia, da composición específica das capturas e da súa estrutura de tamaños.
- Formación dos pescadores- as orientada a adquirir novas competencias vinculadas a unha mellor xestión e conservación dos recursos mariños vivos e dos ecosistemas en que viven.
- Aumento da sensibilización ambiental coa participación directa dos/das pescadores/as, que pode incluír campañas de divulgación.
- Contribución á vixilancia epidemiolóxica: envío de mostras ao Intecmar para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras.
- Operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies, que se levarán a cabo establecendo condicións de acceso ás zonas de pesca.

*Con carácter xeral, para o concepto de efectivo (posto con tarefas de vixilancia ou xestión, segundo o caso, cunha xornada de 143,33 horas/mes), ben sexan a través de contratación de persoal ou de servizos externos, a contía da axuda máxima por efectivo e ano está condicionada ao cumprimento dunha xornada de traballo en computo anual de 1.720 horas (143,33 horas ao mes), de resultar a xornada de traballo inferior aplicarase unha redución proporcional.*

*O custe/hora de traballos efectivos subvencionables queda establecido en 9,87 €/hora para os efectivos de vixilancia e 14,93 €/hora para os efectivos de asistencia técnica.*

*A axuda máxima por efectivo será de 1.414,77 €/mes para vixilancia e de 2.139,92 €/mes para asistencia técnica.*

**DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO**  
Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños  
15701 Santiago de Compostela  
Teléf. 981-546177  
cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. Programa operativo español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.b) - medida 121]  
OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

### Detalle da axuda concedida

Ano	Contratación persoal	Núm. efectivos	Meses efectivos	Total meses	Importe axuda mes/efectivo	Importe total	Total anualidade
	Asistencia técnica	1	6	6	2.139,92	12.839,52	
	Vixilancia	1	6	6	1.414,77	8.488,62	
		3	6	6	1.414,77	25.465,86	
2021	Equipamento		1 Calibre: 226,00 1 Cable para calibre: 120,00 1 Equipo informático (tablet): 412,40 1 Funda para tablet: 37,19 1 Cristal templado para tablet: 16,12 1 Adaptador USB: 2,07 1 GPS: 227,26 1 Cable GPS-PC: 24,40 1 Balanza: 350,00 1 Cable balanza-PC: 40,00 1 Cámara, tarxeta memoria e estuche: 296,69			1.752,13	48.546,13
	Asistencia técnica	1	12	12	2.139,92	25.679,04	
2022	Vixilancia	1	12	12	1.414,77	16.977,24	93.588,00
		3	12	12	1.414,77	50.931,72	
2023	Asistencia técnica	1	6	6	2.139,92	12.839,52	
	Vixilancia	1	6	6	1.414,77	8.488,62	46.794,00
		3	6	6	1.414,77	25.465,86	

**Prazo de execución do proxecto: Dende o 1 de xullo de 2021 ata o 30 de xuño de 2023**

**Prazo de xustificación da anualidade 2021: Antes do 1 de decembro de 2021**

**Prazo de xustificación da anualidade 2022: Antes do 16 de novembro de 2022**

**Prazo de xustificación da anualidade 2023: Antes do 16 de novembro de 2023**

### Detalle da axuda non concedida

Concepto	Importe	Causa
1 HDD externo	78,51	Non é gasto subvencionable segundo o artigo 7 da bases reguladoras
1 Smartphone	271,90	
5 Calibres con cables conexión PC	373,00	Só se concede 1 calibre para a asistencia técnica
2 Balanzas	99,00	Só se concede 1 balanza para a asistencia técnica
1 PC Sobremesa + monitor	1.207,44	Non é gasto subvencionable segundo o artigo 7 da bases reguladoras

**DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO**

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cm.d.xdesenvolvemento@xunta.gal



## OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS:

1.- Os beneficiarios deberán cumprir as obrigas sinaladas no artigo 5 das bases reguladoras e especialmente as obrigas derivadas do financiamento polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP):

a) Informar o público sobre a axuda obtida, de conformidade co artigo 115 e o anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, e co artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

b) Facer constar expresamente a participación financeira do FEMP en todas as actividades de difusión ou promoción relacionadas coa actividade subvencionada.

### **Durante a realización da operación, o beneficiario informará ao público do apoio obtido dos fondos:**

- Facendo unha breve descrición da operación no sitio de Internet, no caso que dispoña dun, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, incluíndo os obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da unión. A descrición deberá permanecer durante a execución do proxecto, e cando menos ata a data do pagamento final.

- Colocando un cartel con información sobre o proxecto (tamaño mínimo A3), no que se mencionará o apoio financeiro da UE, nun lugar facilmente visible para o público, como a entrada dun edificio.

c) Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o que se conceda a subvención durante un período mínimo de 5 anos. Durante este período, se o beneficiario pretendese o cambio de destino do ben subvencionado, o seu alleamento, gravame ou substitución por outro ben análogo, deberá solicitar autorización a Consellería do Mar.

De acordo co artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013, se unha operación comprende investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivos deberá reembolsarse a contribución do FEMP se, nos 5 anos seguintes ao pago ao beneficiario, ou 3 anos no caso de mantementos de investimentos ou de postos de traballos creados por pemes, si se produce o cese ou relocalización da actividade produtiva fora da zona do programa ou un cambio na propiedade que proporcione unha vantaxe indebida ou un cambio substancial que afecte á natureza, obxectivos ou condicións de execución da operación. No caso de investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivos, deberá reembolsarse a contribución do FEMP se, nos 10 anos seguintes ó pago final ó beneficiario, a actividade produtiva sometese a una relocalización fora da Unión, excepto se o beneficiario é unha PEME.

d) Manter os investimentos e conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

e) Manter un sistema de contabilidade separado ou ben asignar un código contable adecuado que permita coñecer todas as transaccións relacionadas coa operación que se subvenciona, co obxecto de facilitar a pista de auditoría, de acordo co artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas aos «Fondos EIE»

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. Programa operativo español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.b] - medida 121]  
OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

f) Proporcionar toda a información e datos necesarios para poder proceder ao seguimento e avaliación do programa operativo, de acordo co establecido no artigo 111 do Regulamento (UE) nº 508/2014, relativo ao FEMP.

g) O beneficiario deberá seguir cumprindo as condicións previstas no artigo 10 do Regulamento (UE) 508/2014 despois de presentar a solicitude e durante todo o período de execución da operación e durante un período de cinco anos despois da realización do pago final.

h) De acordo co artigo 140, apartado 1 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 de 17 de decembro de 2013 polo que se establecen as disposicións comúns relativas aos fondos EIE (RDC), todos os documentos, xustificativos relativos a os gastos financiados polo FEMP, estarán a disposición da comisión e do Tribunal de Contas Europeo, se así o solicitasen, perante o prazo de dous anos contados a partires do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación unha vez concluída.

2.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece no apartado d) do punto 3 do artigo 3 que *"todas as demais entidades con personalidade xurídica propia distintas das expresadas nas letras anteriores que foran creadas especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos que deban considerarse poder adxudicador de acordo cos criterios deste apartado 3, ben financien maioritariamente a súa actividade; ben controlen a súa xestión; ou ben nomeen a máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia."*

No caso de que a súa entidade teña a condición de poder adxudicador, de conformidade ao establecido no parágrafo anterior, deberá respectar nas actuacións que realice obxecto de subvencións o disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

## CONDICIÓNS DE CUMPRIMENTO E XUSTIFICACIÓN:

1.- Os beneficiarios quedan obrigados á realización do sinalado nos puntos 1 e 2 do artigo 5 da Orde do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convoca para o ano 2021 (DOG núm. 121 do 28.06.2021). No entanto, as operacións non se seleccionarán para recibir axuda do FEMP se concluíron materialmente ou se executaron integramente antes de que o beneficiario presente a solicitude de axuda.

2.- A xustificación da execución dos proxectos subvencionados deberá realizarse consonte o esixido no artigo 24 das bases reguladoras.

Con carácter xeral, os gastos deberán xustificarse **antes do 16 de novembro** de cada anualidade ao abeiro do disposto no artigo 24.1 das bases reguladoras.

Sen embargo, con data 04/11/2021 a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por delegación da conselleira do Mar, resolveu ampliar de oficio o prazo de xustificación para a anualidade 2021 dos proxectos que sexan obxecto de subvención, que pasa a ser antes do 1 de decembro de 2021.

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal





3.- No caso de que lle fose concedida axuda para o servizo de asistencia técnica e co obxecto de facilitar o seguimento das axudas, as confrarías de pescadores remitirán durante os **primeiros 15 días de cada trimestre** a planificación dos traballos que as asistencias técnicas van a desenvolver durante os tres meses seguintes. Esta comunicación farase de xeito telemático aos coordinadores de biólogos correspondentes a súa área.

4.- Independentemente do sistema establecido para a xustificación da subvención, deberán manterse a disposición da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, os documentos xustificativos relativos aos gastos subvencionados ata o 31 de decembro de 2023, salvo que o prazo que resulte do establecido no artigo 140 do Regulamento (UE) 1303/2013, del Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, sexa distinto, nese caso comunicárase coa antelación suficiente.

5.- Os beneficiarios, ademais, deberán cumprir en calquera caso as obrigas e condicións que con carácter xeral se establecen no Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no Regulamento (UE) N. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta última, así como todas as establecidas na Orde do 10 de Xuño de 2021.

6.- Información, comunicación e visibilidade: informar o público sobre a axuda obtida, dando adecuada publicidade con expresa mención á participación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e á súa porcentaxe de financiamento, e tendo en conta o artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

O beneficiario debe achegar documentación que demostre o recoñecemento de que a operación recibiu o apoio dos fondos, adoptando en todas as medidas de información e comunicación:

- 1) Emblema da Unión, de conformidade coas características técnicas establecidas no Regulamento de Execución (UE) nº 821/2014.
- 2) Unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que apoia a operación.
- 3) O logotipo da Xunta de Galicia.

Comunicarase ó Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) os feitos que podan ser constitutivos fraude ou irregularidade, a través do seu canal de denuncia: <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-S/snca/Paginas/inicio.aspx>.

A entidade beneficiaria da axuda comprométese a aceptar todas as condicións establecidas na presente resolución de concesión da axuda. Así mesmo a aceptación da axuda implica a súa inclusión na lista de operacións publicada de conformidade co artigo 119, apartado 2 e Anexo V do RFEMP.

Esta resolución incorpora o contido do documento (DECA) ao que se fai mención no artigo 125.3.c) do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, garantindo, polo tanto, coa notificación da presente resolución a comunicación á persoa beneficiaria do contido no dito precepto.



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. Programa operativo español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.b] - medida 121]  
OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte á dita notificación.

Santiago de Compostela

A conselleira do Mar

PD Orde do 08.09.17 (DOG núm. 180 do 21.09.17)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

